

PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS EXTRAVASACIÓNS

A extravasación e a fuga de quimioterapia no espazo extravascular, ben por fuga dun vaso ou por infiltración directa.

A extravasación dun fármaco vesicante ten o potencial de producir unha necrose cunha lesión grave e duradeira, pode chegar a producir unha perda de pel e das estruturas subxacentes. As cicatrices e secuelas poden ser especialmente graves se se afectan estruturas nerviosas, tendóns e articulacións.

O mellor tratamento da extravasación é a prevención, para isto requírese persoal adestrado e un procedemento axeitado de administración de quimioterapia intravenosa.

SIGNOS DE SOSPEITA DE EXTRAVASACIÓN:

- Desaparición do retorno venoso
- Diminución do fluxo da perfusión
- Presenza de inchazo ou eritema arredor do punto de punción venosa
- Sensación de dor, queimura ou proído, indicada polo paciente

KIT DE EXTRAVASACIÓNS

En toda as unidades de enfermería nas que se administran citostáticos haberá un kit de extravasación que incluirá:

- **Material:**
 - Xiringas desbotables de 1, 2 e 5 ml
 - Agullas I.V, I.M. e de insulina
 - Gasas estériles

▪ **Medicación:**

- Antídotos dos citostáticos
- Dimetilsulfóxido 99 % frasco de 50 ml
- Tiosulfato de sódio 10 % amp.
- Hialuronidasa 150 U vía
- Analxésicos/Anestésicos
- Metamizol ampolla de 2 gr.
- Lidocaína amp 2 %